

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 23 DE MAIO DO 2024.

ASISTENTES:

Presidente: MARIÑO DE BRICIO VICENTE	Interventor: BAO CASTRO PABLO
Membros que asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Vinte e tres de Maio do Dous mil vinte e catro, reúnenos os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 16/05/2024

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202405/255

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 16/05/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE ASEOS QUÍMICOS PORTÁTEIS E SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO) PARA INSTALAR NAS PRAIAS DO CONCELLO DE RIBEIRA DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DO ANO 2024"

3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202405/220

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 15/05/2024. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS Y REQUERIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN PARA LA ADJUDICACIÓN DE LA CONTRATACIÓN DE LAS OBRAS DEL



PROYECTO DE "MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD EN PRAZA DO CONCELLO". FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU"

4.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ A. HERMO SERÁNS, POLOS DANOS OCASIONADOS NA SÚA VIVENDA POR MOR DO FUNCIONAMENTO DO SANEAMENTO MUNICIPAL. EXPEDIENTE 2023 RESP000040.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. JOSÉ A. HERMO SERÁNS**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 18/10/2023 co número 202300024348, D. José A. Hermo Seráns, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos na súa vivenda, sita no número 65 da Rúa do Norte, parroquia de Palmeira, como consecuencia de varias inundacións de augas fecais e pluviais ocorridas polo defectuoso funcionamento da instalación municipal de saneamento.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 14/12/2023, resolveuse admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/á interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non acredita a titularidade do inmovible danado, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta do referido requisito, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente que o interesado accedeu á notificación a través da sede electrónica na data 14/12/2023.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.



TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se produciuse a emenda requirida.

QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 16/05/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Ter por desistido da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D. José A. Hermo Seráns, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 18/10/2023, co número 202300024348, **e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 14/12/2023, notificado na data 14/12/2023.** Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN EVENTO EN CORRUBEDO – Asociación Vivir Corrubedo

Visto o escrito presentado por Abdón Santos Santos en representación da **Asociación Vivir Corrubedo**, de data 14/05/2024 (Rexistro de entrada nº 12.296), no que solicita autorización para a celebración da presentación oficial da asociación o día 08/06/2024 (en horario de 16:00 h. a 06:00 h.), na explanada portuaria de Corrubedo, con actuacións musicais; así como a colaboración municipal con valadoiros, contedores de limpeza (2), servizo de limpeza o día seguinte e colaboración económica nos gastos de iluminación e son.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a celebración da presentación oficial da asociación o día 08/06/2024 (en horario de 16:00 h. a 06:00 h.), en Corrubedo, sen prexuízo das autorizacións pertinentes doutras administracións públicas (Portos de Galicia).
- Deberán solicitar a preceptiva autorización á entidade titular do espazo solicitado: **Portos de Galicia**.



- Prestar a colaboración municipal necesaria para o bo desenvolvemento da citada celebración.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

6.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS: CURSOS DE WINDSURF, PÁDEL SURF E KAIK

Vista a proposta de aprobación de prezos públicos do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 16/05/2024, no que solicita a aprobación de prezos públicos para a realización dos cursos de windsurf, pádel surf e kajak durante os meses de verán para xóvenes nados/as entre 2005 e 2015.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, e o Tesoureiro Municipal, Félix Carrasco del Pozo, de data 20/05/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1º.- Establecer un prezo público de **50,00 €** por persoa participante, en base a **Ordenaza fiscal C.3 Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello**, no seu artigo 4.2 (Establecemento e contía), establece que, *“A estes efectos, con carácter previo ó inicio das actividades, a Xunta de Goberno Local, en base ós informes previos do Xefe de cada Servizo ou Dependencia e da Intervención Municipal sobre os custos soportados polo Concello, establecerá o prezo concreto de cada actividade, que conforme o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2004, deberán cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade a realizar.”*

“Non obstante o anterior, conforme ó disposto no artigo 44.2 do R.D.L. 2/2004, cando exista razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nesto supostos deberán consignarse nos orzamentos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera.”

2º.- Publicar un anuncio que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, que deberá ser exposto dende o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

7.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS: CURSOS DE SURF

Vista a proposta de aprobación de prezos públicos do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 20/05/2024, no que solicita a aprobación de prezos públicos para a realización dos cursos de surf durante os meses de verán para xóvenes nados/as entre 2005 e 2015.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, e o Tesoureiro Municipal, Félix Carrasco del Pozo, de data 21/05/2024.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1º.- Establecer un prezo público de 50,00 € por persoa participante, en base a **Ordenaza fiscal C.3 Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello**, no seu artigo 4.2 (Establecemento e contía), establece que, “A estes efectos, con carácter previo ó inicio das actividades, a Xunta de Goberno Local, en base ós informes previos do Xefe de cada Servizo ou Dependencia e da Intervención Municipal sobre os custos soportados polo Concello, establecerá o prezo concreto de cada actividade, que conforme o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2004, deberán cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade a realizar.”

“Non obstante o anterior, conforme ó disposto no artigo 44.2 do R.D.L. 2/2004, cando exista razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nesto supostos deberán consignarse nos orzamentos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera.”

2º.- Publicar un anuncio que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, que deberá ser exposto dende o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

8.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN EVENTO INFANTIL EN ZONA DE COROSO (RIBEIRA) – Espectáculos Cantaruxa, S.L.

Visto o escrito presentado por David Sampedro González en representación de **Espectáculos Cantaruxa, S.L.**, de data 16/05/2024 (Rexistro de entrada nº 12.530), no que solicita autorización para a celebración dun evento infantil para celebrar o remate do curso escolar e o inicio do verán, propoñendo os días 22 ou 23/06/2024, en horario de tarde, así como o aparcadoiro da pista de pádel de Coroso ou a Praza de España (Ribeira), como posibles ubicacións para a celebración do citado evento. Asímesmo solicitan un punto de acceso á corrente simple e sinalización de prohibido aparcas os días previos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a celebración dun evento infantil para celebrar o remate do curso escolar e o inicio do verán, o día 22/06/2024, en horario de tarde, na Praza de España (Ribeira)
- Prestar a colaboración municipal cun punto de acceso á corrente simple e sinalización de prohibido aparcas os días previos
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

9.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Carmen Acevedo Seráns (MORRISON)

VISTO o escrito presentado por **Carmen Acevedo Seráns**, en representación do establecemento “Cervecería Morrison” (Ribeira), de data 20/05/2024 (Rexistro de entrada nº 12.599), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Cervecería Morrison” (Ribeira), o día 26/05/2024, en horario de 16:00h. a 22:00 h.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Carmen Acevedo Seráns, para evento musical no establecemento hostaleiro “Cervecería Morrison” (Ribeira), o día 26/05/2024, en horario de 16:00h. a 22:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Cervecería Morrison” (Ribeira) (Carmen Acevedo Seráns), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das



mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

10.- SOLICITUDE OCUPACIÓN ESPAZO PÚBLICO - R. e I. Cofradía da Dorna

Visto o escrito presentado por Juan José Segade Iglesias en representación da **R. e I. Cofradía da Dorna**, de data 20/05/2024 (Rexistro de entrada nº 12.659), no que solicita a ocupación da Praza de Pontevedra do 18 ao 25/07/2024 (Festas da Dorna), co motivo da realización das actividades da Festa da Dorna (Posteriormente detallados no Plan de Seguridade).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a ocupación da Praza de Pontevedra do 18 ao 25/07/2024 (Festas da Dorna), co motivo da realización das actividades da Festa da Dorna (Que posteriormente deberán ser detallados no Plan de Seguridade).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

11.- AUTORIZACIÓN III PALMEIRA CUP 24 – “FUTEVOLEI”

LOGO DE VER que D. Diego Ferreira Tobío, en representación do “Club Futevolei Vigo”, presenta escrito de data 14-05-2024, con número de rexistro de entrada municipal 12.234, solicitando:

“Se rexistre a solicitude do Club Futevolei Vigo para a realización do torneo futevolei III PALMEIRA CUP 2024 o vindeiro 1 de xuño na praia de Palmeira, Ribeira.”



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:

“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 21-05-24 favorable á mesma con condicionantes, así como a proposta do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 21/05/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a celebración da III PALMEIRA CUP 24 – “FUTEVOLEI” cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **01 de xuño de 2024** ao longo de toda a xornada.
- A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

12.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- F.M.M.P.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 16/05/2024, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **F.M.M.P.**, mediante escrito de data 16/05/2024.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 16/05/2024, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:



Conceder a F.M.M.P. unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **2.700,00 €** (450,00 €/mes), durante 6 meses, en concepto de Renda Social Municipal.

13.- POSIBILIDADE DE ADXUDICAR A PERSOAL DE AGRUPACIÓN PROFESIONAL UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO VACANTE NA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO A TRAVÉS DE ADSCRIPCIÓN PROVISIONAL. POSIBILIDADE DE COMISIÓN DE SERVIZOS. ASIGNACIÓN TEMPORAL DE FUNCIÓNS.

Queda sobre a mesa pendente de maior estudo o expediente relativo á adscripción provisional de persoal municipal á praza de auxiliar administrativo de contratación vacante na Relación de Postos de Traballo.

14.- DACIÓN DE CONTA MODIFICACIÓN INSCRICIÓN NO REXISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA - Asociación Cultural Mares da Fin do Mundo

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito presentado por Marcos José Gallego Fernández en representación da **Asociación Cultural Mares da Fin do Mundo**, de data 20/05/2024 (Rexistro de entrada nº 12.714), no que comunica a inscrición da xunta directiva e de modificación de estatutos da Asociación Cultural Mares da Fin do Mundo no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

15.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Raquel Sanlés González (CAPITÁN MORGAN)

VISTO o escrito presentado por **Raquel Sanlés González**, en representación do establecemento “Capitán Morgan” (Ribeira), de data 21/05/2024 (Rexistro de entrada nº 12.765), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Capitán Morgan” (Ribeira), o día 25/05/2024, en horario de 21:00h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Raquel Sanlés González, para evento musical no establecemento hostaleiro “Capitán Morgan” (Ribeira), o día 25/05/2024, en horario de 21:00h. a 00:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Capitán Morgan” (Ribeira) (**Raquel Sanlés González**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:



- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e*



habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

16.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando García Rodríguez (ALOHA)

VISTO o escrito presentado por **Fernando García Rodríguez**, en representación do establecemento “Bar Aloha” (Ribeira), de data 22/05/2024 (Rexistro de entrada nº 12.870), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 30/05/2024, en horario de 22:00h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Fernando García Rodríguez, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 30/05/2024, en horario de 22:00h. a 00:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Aloha” (Ribeira) (Fernando García Rodríguez), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*



- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

17.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN EVENTO NO CAMPO DE FÚTBOL DA TASCA (AGUIÑO) – S.D. Xuventude de Aguiño

Visto o escrito presentado por José Manuel Vilas Álvarez en representación do **S.D. Xuventude de Aguiño**, de data 22/05/2024 (Rexistro de entrada nº 12.894), no que solicita autorización para a celebración dunha cea/festa na cantina do Campo de Fútbol da Tasca



(Aguíño), o día 25/05/2024 ata as 01:00 h., co motivo do final da liga e tempada

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a celebración dunha cea/festa na cantina do Campo de Fútbol da Tasca (Aguíño), o día 25/05/2024 ata as 01:00 h., co motivo do final da liga e tempada.
- Deberán gardar as debidas medidas de seguridade, manter en perfecto estado as instalacións públicas e, así mesmo, deberán manter o volume da música en niveis normais para o desenvolvemento da normal convivencia con veciños colindantes.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local e ao Departamento de Deportes para o seu coñecemento.

19.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE – Comisión de Festas de Palmeira

Visto o escrito presentado por Juan Ramón Maneiro López en representación da **Comisión de Festas de Palmeira**, de data 23/05/2024 (Rexistro de entrada nº 12.977), no que solicita autorización para a instalación de postos de venda ambulante (Remolques de bebidas e xeo), con ocupación de 10-15 m. de beirarrúa, na rúa Travesía do Barreiro, os días 25 e 26/05/2024, co motivo da celebración da Festa da Xuventude de Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Comisión de Festas de Palmeira** para a instalación de postos de venda ambulante (Remolques de bebidas e xeo), con ocupación de 10-15 m. de beirarrúa, na rúa Travesía do Barreiro, os días 25 e 26/05/2024, co motivo da celebración da Festa da Xuventude de Palmeira.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a **ubicación exacta** do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:25 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

